

2017

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## PROXECTO EDUCATIVO

Documento de centro , en resposta do artigo 12 do DECRETO 229/2011 , do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Este documento é una actualización do Plan de Atención á Diversidade aprobado no curso 12-13 e foi avaliado polo Claustro de profesorado o día 30 de marzo de 2017.



## Contido

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO .....	3
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES .....	8
3. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS DO PLAN .....	9
3.1 Principios xerais do plan .....	9
3.2 Obxectivos específicos.....	10
4. MEDIDAS E PROGRAMAS PARA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	11
4. 1. MEDIDAS CURRICULARES .....	11
Criterios e Procedemento de derivación ó especialista de PT .....	12
Criterios de coordinación entre o profesorado e o especialista de PT.....	13
Perfil do alumnado destinatario e proposta xeral de apoio. ....	14
Criterios para a elaboración das Adaptacións Curriculares.....	16
4.2 MEDIDAS ORGANIZATIVAS .....	17
5. DESCRICIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS .....	30
Accións a realizar no 1º trimestre .....	30
Accións a realizar no 2º trimestre .....	33
Accións a realizar no 3º trimestre: .....	33
ACCÍONS ESPECÍFICAS .....	34
7.MECANISMOS DE COORDINACIÓN .....	36
8. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERN AOS CENTRO. ....	36
9.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E /OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS .....	37

## GLOSARIO

NEAE: Necesidades específicas de apoio educativo

NEE: Necesidades educativas especiais

PT: Pedagogía Terapéutica

RE: reforzo educativo

AC: Adaptación Curricular

PMAR: Programa de mellora do rendemento académico.

PEP: Programas específicos personalizados

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A continuación, móstranse os datos do curso escolar 2015-16 sobre alumnado con NEAE.

Autor/a da demanda	Nº demandas recibidas	Nº demandas atendidas	Nº informes elaborados
Profesorado titor			
Profesorado de materia	6	6	6
Equipo directivo			
Alumno ou alumna			
Familia	1	1	1
Inspección educativa			
Outras orixes			

- Respecto das intervencións de seguimento e/ou actualización realizadas no curso 2015-16 en relación con avaliacións psicopedagóxicas anteriores:

Ensinanza		Nº informes elaborados
Educación secundaria obrigatoria	1º curso	5
	2º curso	2
	3º curso	
	4º curso	

- Respecto da totalidade do alumnado do centro identificado e/ou valorado polos servizos de orientación:

<b>Valoración (Art. 71 e 73 LOE e Art. único.57 LOMCE)</b>		<b>Nº</b>	<b>Nº apoio PT</b>	<b>Nº apoio AL</b>	<b>Nº apoio combinado AL e PT</b>	<b>Nº outros apoios</b>	<b>Nº sen apoio</b>
Necesidades educativas especiais	Discapacidade	1	1			1	
	Trastornos graves conduta						
Dificultades específicas de aprendizaxe		15	15				
Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade		1	1				
Altas capacidades intelectuais							
Incorporación tardía ao sistema educativo							
Condições persoais ou de historia escolar		4	4				

- Respecto da totalidade do alumnado con adaptación curricular-autorizada pola inspección educativa:

<b>Escolarización curso 2014-2015</b>	<b>Nº alumnado con A.C.</b>
1º de educación secundaria obrigatoria	5
2º de educación secundaria obrigatoria	2
3º de educación secundaria obrigatoria	

- Respecto das medidas de apoio educativo:
  - Apoio exclusivo dentro da aula ordinaria: 0

- Apoio exclusivo fóra da aula ordinaria: 5
- Apoio combinado: 10 en 1º ESO e 5 no 2ºESO
- Respecto doutras medidas de atención educativa durante o curso 2015-16:

<b>Etapa</b>	<b>Medida</b>	<b>Nº G</b>	<b>Nº A</b>
Educación secundaria obrigatoria (Dto. 133/2007 e Circular 8/2009 da Dirección XEFPIE)	Desdoblamento de grupo	0	0
	Agrupamento flexible	0	0
	Programa de diversificación curricular	1	10
	Programa de cualificación profesional inicial	0	0
	Programa de reforzo	2	12
	Programa de recuperación	0	0
	Programa específico personalizado	2	12
	Aula de atención educativa e convivencia	3	10

- Respecto da colaboración no informe titorial do alumnado de 1º e/ou 2º da ESO exento de cursar a materia común da 2ª lingua estranxeira:

<b>Informes titoriais</b>	<b>Nº de colaboracións</b>
Titores ou titoras de 6º de educación primaria	4
Titores ou titoras de 1º de ESO	1

No curso escolar 16-17 temos o seguinte alumnado con ACS:

- 3 alumnos de 1º da ESO con ACS en LC, LG , Bioloxía e matemáticas con competencia curricular de 6º de Educación Primaria e ACS de Inglés con distinta competencia curricular segundo o nivel de cada un de eles.
- 1 alumno de 1º da ESO con ACS en LC e matemáticas con competencia curricular de 6º de Educación Primaria e ACS de Inglés de 4º de primaria

- 1 alumno de 2º da ESO con ACS en LC e matemáticas con competencia curricular de 6º de Educación Primaria e ACS de Inglés de 3º de primaria.

Ademais destacan :

-Organización de desdobres en matemáticas e LG en 1º da ESO, onde se distribúe equitativamente o alumnado de ACS.

-e un Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento en 3º da ESO con 5 alumnos e alumnas con dificultades xeralizadas de aprendizaxe, atraso académico e risco de abandono temperá de estudos.

-En 1º ESO e 2º ESO desenvolveranse programas de reforzo para o alumnado que polas súas dificultades en linguas non reciban a 2º lingua estranxeira.

O centro conta con recursos e oportunidades para atender ó alumnado con NEAE. Dende o curso escolar 2012-13 existía un contrato-programa na liña 1 de reforzo e apoio en horario extraescolar pero neste curso escolar temos concedido un contrato-programa liña 3 e o anteriormente citado non se realizará. Para o desenvolvemento de dito programa temos implantados unha aula de convivencia e un equipo de alumnado axudante. Como recurso persoais máis específicos de atención á diversidade contamos cunha mestra especialidade de Pedagogía Terapéutica e unha orientadora. Dende a biblioteca escolar e do Club de lectura, ofrécense oportunidades de mellora e fomento do hábito lector e o programa Abalar, presente nos cursos de 1º e 2º ESO, proporciona os recursos necesarios para a implantación das Tics na aula ordinaria, unha metodoloxía que axuda ó alumnado con NEAE.

Porén, detectamos, xa nos primeiros cursos da ESO un grupo de alumnos/as cunha actitude pasiva e falta de hábito de traballo, que non aproveitan o reforzo educativo ou ben non son propostos para recibilo ao entenderse un abandono intencionado das materias ou falta de motivación, pero non de capacidades. Tamén, hai baixo interese xeral do alumnado nas probas para a recuperación das materias pendentes.

O profesorado, atopa falta de tempo ou de recursos para atender ao alumnado con dificultades nunha aula ordinaria na que existen diferentes niveis de aprendizaxe á

vez. Tamén, non resulta doado ensinar e avaliar por competencias e seguir á vez os criterios de avaliación marcados na lexislación.

No centro non existen estruturas organizativas que faciliten a coordinación entre a mestra de Pedagogía Terapéutica (PT), o profesorado das áreas instrumentais e aqueles encargados de dar os programas de recuperación, reforzo (exención de francés)

A coordinación cos centros de primaria adscritos é puntual, ó final do curso, co obxecto de recoller información do alumnado que se incorpora ó 1ºESO, polo que se tarda en detectar e proponer solución ó alumnado con NEAE. Tampouco existe coordinación entre etapas sobre cuestións curriculares ou de normas de convivencia.

Algunhas familias atopan falta de tempo e de recursos para facer un seguimento continuo das tarefas escolares dos seus fillos e fillas , e adoitan ter baixas expectativas respecto do futuro académico e profesional dos mesmos

Tamén, atopamos poucos recursos educativos na contorna: biblioteca municipal, actividades extraescolares de carácter educativo, oferta cultural, etc.

A contorna conta con organizacións que poden axudar ó centro, como os servizos sociais e sanitarios do concello ou o centro de Aspadex. É posible, tamén, a coordinación externa cos servizos de psicoloxía infanto-xuvenil da Coruña ou o Equipo de Orientación Específico da Coruña.

No tocante á convivencia escolar, non é posible avaliar o impacto que as medidas implantadas nos últimos cursos (mediación escolar, o alumnado axudante, xuntanzas con centros educativos, escolar de nais e pais, aula de convivencia, formación do profesorado, manuais, etc.) produciron na convivencia do noso centro, pois variou a distribución dos grupos, o profesorado, o alumnado e as súas familias, mais é sinxelo apuntar, atendendo a unha primeira revisión dos partes de conduta, dos expedientes disciplinarios e á observación participante, que a conflitividade descendeu nestes últimos anos.

Porén, os proxectos mencionados levaron á implantación dunha serie de medidas que agora é preciso manter, revisar ou adaptar a unha situación xa diferente

en canto a conflitividade, recursos humanos cos que se conta ou a implicación dos axentes que interviron. Faise necesario definir unha serie de obxectivos realistas e precisos que permitan a mellora continua na construción da convivencia escolar.

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Son necesidades percibidas:

1. A mellora dos resultados académicos do alumnado con dificultades de aprendizaxe e o progreso deste a través dos cursos da ESO.
2. A diminución do abandono temperán dos estudos do alumnado con NEAE.
3. A identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado novo no centro e a posta en marcha das MAD necesarias con prontitude.
4. A procura de recursos ó profesorado á hora de organizar a clase ordinaria para atender á diversidade dende unha perspectiva inclusiva. Tamén é necesario traballar para que non se perciba o reforzo como un xeito de “baixar o nivel”, para o fomento do traballo por competencias clave e por proxectos, co obxecto de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ao conxunto de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.
5. O establecemento de criterios para a implantación das MAD organizativas e para solicitar axuda ó especialista de PT. Tamén, a potenciación do apoio dentro da aula por parte do especialista de PT.
6. A mellora na coordinación entre os profesionais que prestan servizos de reforzo educativo e o profesorado da aula ordinaria, principalmente nas materias instrumentais.
7. O asesoramento das familias e a súa procura dunha relación de colaboración na educación dos seus fillos.



### 3. PRINCIPIOS E OXECTIVOS DO PLAN

#### 3.1 PRINCIPIOS XERAIS DO PLAN

**1. Axustarse ás necesidades de cada alumno e alumna.** A resposta educativa que se ofrezca haberá de axustarse ás necesidades de cada alumno e alumna, co compromiso de pór en marcha as medidas personalizadas necesarias de atención á diversidade, para asegurar ao máximo o desenvolvemento das súas potencialidades.

**2. Actuar desde o marco escolar ordinario.** Débese intervir no marco escolar ordinario sobre os elementos esenciais do sistema educativo (curriculares, metodolóxicos e organizativos), incidindo no desenvolvemento de estratexias de ensino-aprendizaxe que garantan a participación e a aprendizaxe de todo o alumnado.

**3. Coordinación de todo o profesorado, o resto dos profesionais e as familias.** É esencial a coordinación de todo o profesorado, o resto dos profesionais e as familias que teñen que facer seu o reto por unha educación inclusiva e sentirse protagonistas éticos deste cambio profundo de enfoque na resposta educativa á diversidade. Así, todos os profesionais da educación haberán de mobilizar estratexias que favorezan tanto o seu desenvolvemento e capacitación profesional como o establecemento de estruturas de coordinación e colaboración entre todos eles.

**4. Incidir na valoración temperá das necesidades do alumnado e na súa intervención.** O sistema educativo deberá facilitar a valoración temperá das necesidades, a dotación dos recursos persoais e materiais, o desenvolvemento de medidas curriculares, a participación dos pais e as nais ou titores na toma de decisións, a formación do profesorado tanto ordinario como profesionais especializados e a mellora da coordinación intersectorial.

**5. Ofrecer oportunidades reais de aprendizaxe aos colectivos máis vulnerables á exclusión social.** A escola inclusiva debe garantir a presenza, a participación e o logro daquel alumnado que por distintas causas é máis vulnerables á exclusión social e actuar positivamente para alcanzar o maior grao de desenvolvemento competencial nos ámbitos de desenvolvemento persoal, escolar e social.

### 3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Mellorar os resultados académicos do alumnado con NEAE e o progreso deste a través dos cursos da ESO.
2. Lograr a identificación temperá das dificultades de aprendizaxe e a posta en marcha das MAD adecuadas.
3. Ofrecer unha resposta coordinada entre os profesionais que prestan servizos de reforzo educativo e o profesorado da aula ordinaria.
4. Potenciar a formación e os recursos ó profesorado para que poda atender á diversidade nas aulas ordinarias.
5. Potenciar o apoio dentro da aula por parte do especialista de PT e establecer os criterios para o apoio fóra da aula ordinaria.
6. Fomentar a inclusión e avaliación das competencias básicas no currículo, do traballo por proxectos e das metodoloxías inclusivas.
7. Mellorar a coordinación entre a etapa de primaria e a secundaria e entre esta e as diferentes opcións formativas e/ou laborais.
8. Fortalecer o asesoramento ás familias e a súa colaboración e implicación nas pautas de apoio educativo no fogar.
9. Acordar os criterios para a implantación das MAD dentro da programación xeral anual.

## 4. MEDIDAS E PROGRAMAS PARA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 4. 1. MEDIDAS CURRICULARES

#### REFORZO EDUCATIVO (RE)

**Regula:** Orde do 6 de outubro de 1995

**Aprueba:** O director/a. A familia é informada

**Qué é?:** Medida ordinaria de atención á diversidade que afecta ós elementos non prescriptivos do currículo: secuencia e organización de contidos, actividades, formas e instrumentos de avaliación, agrupamentos na aula. Os reforzos aplícanse no caso de necesidades de aprendizaxe transitorias, dentro da aula polo profesor/a, quen pode solicitar a axuda do mestre/a de PT.

Todo RE constará nas actas de avaliación inicial e trimestral, na base de datos XADE e no informe de avaliación final.

#### ADAPTACIÓN CURRICULAR (AC)

**Regula:** Orde do 6 de outubro de 1995

**Aprueba:** A inspección. A familia é informada

**Qué é?** Medida extraordinaria que supón a modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por una determinada dificultade persoal como polas súas capacidades

excepcionais. O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa e do curso no que está escolarizado.

Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar (*Orde do 27 de decembro de 2002*).

A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de fixados nas adaptacións (D133/2007). Por iso, a adaptación deberá conter ós referentes do curso e os criterios básicos para a promoción. Estes criterios deberán basearse nas competencias básicas.

Toda AC constará nas actas de avaliación inicial e trimestral, na base de datos XADE e no informe de avaliación final.

### **Criterios e Procedemento de derivación ó especialista de PT**

O concepto de apoio debe ser amplo, e requirirá a colaboración entre profesionais nos métodos de ensino adecuados para atender as necesidades de aprendizaxe do alumnado. A mestra de PT é un recurso do centro educativo que terá atención prioritaria dentro da aula ordinaria como apoio ó profesor da área, especialmente nas materias instrumentais. Sen embargo, haberá momentos de atención específica fóra da aula.

De xeito xeral, as decisións de derivación tomaranse na xunta de avaliación, mais terase flexibilidade para que calquer profesor/a demande a axuda deste especialista en calquer momento.

A derivación estará debidamente xustificada tendo que presentar o profesorado a proposta de obxectivos e contidos obxecto de reforzo.

É un colectivo con prioritaridade de atención por parte de PT o alumnado con:

- diagnóstico de discapacidade psíquica, física ou sensorial ou trastorno grave da conduta e TDAH (NEE).
- valoración psicopedagóxica do D.O como alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo tendo que constar no informe a necesidade de intervención deste especialista.
- obxecto de adaptacións do currículo, cando a súa intervención conste especificamente na adaptación curricular
- O alumnado que presente dificultades na competencia curricular das áreas instrumentais e conste no informe psicopedagóxico a necesidade desta axuda.
- incorporación tardía ó sistema educativo

Non será obxecto de atención prioritaria o alumnado que:

- presente exclusivamente condutas contrarias ás normas de convivencia na aula ordinaria.
- curse con abandono ou sen aproveitamento o programa de reforzo.

#### **Criterios de coordinación entre o profesorado e o especialista de PT**

- O profesorado facilitará información periódica sobre os contidos e obxectivos impartidos na aula ordinaria.
- O profesorado de PT comezará atendendo ó alumnado obxecto de AC. Logo da avaliación inicial ofrecerá reforzo ó resto co fin dar tempo ao profesorado da aula ordinaria a coñecer ó alumnado.
- O profesorado coordinará e terá en conta ó especialista de PT na avaliación do alumnado obxecto de reforzo por parte de PT. Terá en conta na avaliación os traballos realizados na aula de PT.
- A xefatura de estudos convocará unha reunión mensual entre o profesor de PT, o xefe/a do D.O, o profesorado que imparte os programas de reforzo e de recuperación (exención de francés), os programas específicos personalizados e o que imparte o reforzo en horario extraescolar (Liña 1. Contrato-Programa, de existir).

## Perfil do alumnado destinatario e proposta xeral de apoio.

Partindo sempre da avaliación individual do alumno, móstrase na táboa un modelo xeral de reforzo.

Perfis do alumnado destinatario desta medida de Reforzo Educativo		
PERFIL DE ALUMNOS	CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	TIPO DE REFORZO
Alumnos que tiveron Reforzo Educativo en Primaria e promocionan a 1 <sup>er</sup> curso de ESO tras alcanzar os obxectivos da etapa de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dificultades de Aprendizaxe (en adiante “DA”) en procesos de comprensión e expresión escrita e/ou nos procesos de cálculo, razoamento matemático, etc. e/ou na comprensión e expresión da Lingua Galega e Lingua castelá ou nunha Lingua Estranxeira, que se superaron coa aplicación da Medida de Reforzo Educativo.</li> <li>• Nivel de competencia curricular do alumno: 5<sup>o</sup> ou 6<sup>o</sup> nivel de Primaria.</li> </ul>	<p>Aplicación de medidas de reforzo educativo nos últimos cursos de Primaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación de medidas de reforzo educativo en 1<sup>er</sup> curso de ESO para garantir o logro dos obxectivos do curso e prever a reaparición de DÁAS.</li> </ul>
Alumnos repetidores en 6 <sup>o</sup> curso de Primaria que promocionan a 1 <sup>er</sup> curso de ESO tras alcanzar os obxectivos da etapa de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• DA nos procesos de comprensión e expresión escrita e/ou nos procesos de cálculo, razoamento matemático, etc. e/ou na comprensión e expresión da Lingua Galega e Lingua castelá ou nunha Lingua Estranxeira, que se superaron coa medida de repetición.</li> <li>• Nivel de competencia curricular do alumno: 5<sup>o</sup> ou 6<sup>o</sup> nivel de Primaria.</li> </ul>	Aplicación de medidas de reforzo en 1 <sup>er</sup> curso de ESO para garantir o logro dos obxectivos do curso e evitar a repetición.
Alumnos que promocionan a 1 <sup>er</sup> curso de ESO sen alcanzar os obxectivos da etapa de Primaria, desaconsellándose a repetición de 6 <sup>o</sup> curso nesta etapa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• DA nos procesos de comprensión e expresión escrita e/ou nos procesos de cálculo, razoamento matemático, etc. e/ou na comprensión e expresión da Lingua Galega e Lingua castelá ou dunha Lingua Estranxeira, que non se superaron.</li> <li>• Nivel de competencia curricular do alumno: non superado o 6<sup>o</sup> nivel de Primaria.</li> </ul>	Aplicación de medidas de reforzo educativo en 1 <sup>er</sup> curso de ESO para seguir traballando na superación de DA e, polo tanto, garantir o logro dos obxectivos do curso e evitar a repetición do mesmo.

<p>Alumnos repetidores en 6º de Primaria que promocionan a 1º curso de ESO sen alcanzar os obxectivos de Primaria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• DA nos procesos de comprensión e expresión escrita e/ou nos procesos de cálculo, razoamento matemático, etc. e/ou na comprensión e expresión da Lingua Galega e Lingua castelá ou dunha Lingua Estranxeira, que non se superaron.</li> <li>• Nivel de competencia curricular do alumno: 3º, 4º, 5º ou 6º nivel de Primaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación de medidas de reforzo educativo en 1º curso de ESO para seguir traballando na superación de DAAS e, polo tanto, garantir o logro dos obxectivos do curso e evitar unha nova repetición.</li> </ul>
<p>Alumnos que repiten 1º de ESO</p>	<p>Técnicas instrumentais básicas pouco consolidadas que dificultan a adquisición de novas aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de coñecementos curriculares previos: Nivel de competencia curricular de 5º ou 6º nivel de Primaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación de medidas de reforzo en 1º curso de ESO para recuperar as aprendizaxes non adquiridas previamente, e garantir o logro dos obxectivos do curso e promocionar a 2º de ESO no nivel curricular adecuado.</li> </ul>
<p>Alumnos que repiten 2º de ESO</p>	<p>Técnicas instrumentais básicas pouco consolidadas que condicionan a adquisición de novas aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de coñecementos curriculares previos: Nivel de competencia curricular de 5º ou 6º nivel de Primaria e 1º curso da ESO.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación de medidas de reforzo educativo en 2º curso de ESO para recuperar as aprendizaxes non adquiridas previamente, e garantir o logro dos obxectivos do curso e promocionar a 3º de ESO no nivel curricular adecuado.</li> </ul>
<p>Alumnos que repiten 3º e 4º de ESO</p>	<p>Técnicas instrumentais básicas pouco consolidadas que condicionan a adquisición de novas aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de coñecementos curriculares previos: Nivel de competencia curricular de 1º e 2º curso de ESO, especialmente.</li> </ul>	<p>Aplicación de medidas de reforzo educativo en 3º e 4º de ESO para recuperar as aprendizaxes non adquiridas previamente, e garantir o logro dos obxectivos do curso e promocionar a 4º de ESO no nivel curricular adecuado ou acadar o título da ESO.</p>

## **Criterios para a elaboración das Adaptacións Curriculares**

Como norma xeral, será obxecto de adaptacións do currículo o alumnado que presente un desfase curricular de 2 ou mais cursos e xa recibirá outras medidas de reforzo ordinario con aproveitamento.

Na xunta de avaliación inicial determinarase o alumnado que debe ser obxecto de adaptacións do currículo, atendendo a información recibida de cursos anteriores e os informes de avaliación final.

A xefatura de estudos convocará unha reunión entre o profesorado das materias obxecto da adaptación curricular e o departamento de orientación, co fin de que o profesorado reciba o asesoramento psicopedagóxico necesario que oriente a proposta curricular.

A programación das ACs, independentemente do nivel de competencia curricular, debe garantir a participación do alumnado na marcha da clase.

Responsabilidades do Profesorado:

- Diseñar e aplicar as probas para a determinación do nivel curricular de referencia
- Redactar a proposta curricular adaptada e entregala á xefa/e do departamento de orientación no prazo que se determine.

Departamento de orientación:

- Prestar asesoramento e axuda durante o proceso.
- Realizar as oportunas avaliacións psicopedagóxicas, facendo chegar as orientacións ó profesorado.
- Redactar e entregar á dirección o DIAC

Os documentos serán remitidos á Xefatura de Estudos para ser enviado á inspección educativa antes do mes de decembro.



## FLEXIBILIZACIÓN DE IDADE

**Regula:** Orde do 28 de outubro de 1996 (*DOG 12.09.2007*)

**Qué é?** Consiste en acortar ou prolongar a idade de escolarización do alumnado con respecto ó establecido con carácter xeral.

Criterios para a organización:

- Alumnado con altas capacidades: adianto 1 curso. Artigos 3 e 4 da Orde do 28 de outubro de 1996 (*DOG 28.11.1996*).
- Alumnado con necesidades especiais: ata os 21 no ensino básico. Orde 27 de decembro de 2002.
- Alumnado escolarización tardía no sistema educativo: atrasar 1 ou 2 anos o curso que lle correspondería por idade. Orde 20 de febrero de 2004.

## ENRIQUECEMENTO

**Regula:** Orde do 28 de outubro de 1996/ Orde do 6 de outubro de 1995

**Que é?** Supón o aumento dos obxectivos e contidos así como a flexibilización dos criterios de avaliación ou á metodoloxía, da que se modificará o tipo de actividades, os materiais e a secuencia dos contidos para o alumnado con altas capacidades.

**Criterios de organización:** artigo 6 da Orde do 28 de outubro de 1996 (*DOG 28.11.1996*).

## DESDOBRES

**Regula:** *Orde do 6 de setembro de 2007 (DOG 12.09.2007)*

**Que son?** Consisten en dividir á aula en dous grupos, reducindo a ratio nalgúns áreas. Os desdobres, de seren necesarios, realizaranse nas materias de linguas e matemáticas, sempre que o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos e o centro conte cos recursos necesarios.

**Criterios para a organización:** medida prioritaria cando se teñan grupos numerosos, non se chegue o mínimo legal para formar dous grupos e os departamentos non teñan o seu horario lectivo completo.

DESDOBRES 1H Á SEMANA NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA E AS MATERIAS DE FÍSICA, QUÍMICA, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA E DA LINGUA.

**Regula:** Artigo 71.h) da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG 2.09.1997)

**Que son?** Desdobres para a realización das prácticas de laboratorio unha hora á semana.

**Criterios para a organización:** grupos de máis de 25 alumnos, en función das dispoñibilidade do profesorado e dos recursos materiais do centro.

## AGRUPACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS

**Regula:** *Orde do 6 de setembro de 2007*

**Que son?** Os agrupamentos de materias en ámbitos poderanse adoptar nos cursos 1º e 2º. Estes agrupamentos faranse para efectos de organización e significarán que unha soa persoa deba impartir docencia de máis dunha materia. Cada unha das materias terá o seu propio currículo e o tratamento, para efectos de avaliación, será o mesmo que cando é impartida por separado.

**Criterio para a organización:** medida non prioritaria, que se organizará cando sexa posible prever a incorporación grupos de 1ºESO con moitas dificultades, contando coa voluntariedade do profesorado afectado.

## AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

**Regula:** CIRCULAR 9/99

**Que son?** Desdobres transitorios que permitan constituir un grupo específico co alumnado do mesmo nivel que ten dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, nas materias de maior peso conceptual: lingua galega e castellana, matemáticas, ciencias naturais e ciencias sociais.

**Requisitos:**

- Estar escolarizado/a no 1º ou 2º ESO.
- Ter cursado 2ºESO sen acadar os obxectivos
- Estar en 3º ESO, e non cumprir os requisitos para incorporarse a un PMAR

**Criterios para a organización:** medida prioritaria cando se teñan grupos numerosos, non se chegue o mínimo legal para formar dous grupos, non sexa posible realizar desdobres na maioría das áreas e existan grupos con dificultades de aprendizaxe que podan funcionar ben nun grupo mais homoxéneo e de carácter flexible.

### AGRUPAMENTOS FLEXIBLES PARA ALUMNOS DE INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO:

Regulan: *Orde do 20 de febreiro de 2004.*

**Grupos de adquisición da lingua:** Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino.

**Grupos da competencia curricular:** Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

**Criterio para a organización:** medida non prioritaria, por entender que a realidade do centro escolar está lonxe de ter o mínimo legal para constituir este agrupamento.

#### PROGRAMAS DE REFORZO

**Regula :** Circular 8/2009

**Qué son?** Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) basados nos mínimos esixibles das áreas en cuestión e que supoñen a atención persoalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

**Destinatarios:** Alumnado de 1º e 2º repetidor, que pasara por imperativo legal ou con todas ou alguna das áreas instrumentais suspensas, podendo quedar exento da segunda lingua estranxeira.

**Criterios para a organización:** medida prioritaria sempre que os departamentos non teñan o seu horario lectivo completo. Garantirase a coordinación entre o profesorado que imparta esta medida, o PT e o profesorado de área.

#### PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN

**Regula :** Circular 8/2009

**Qué son?** Programas destinados á superación dos mínimos esixibles de materias instrumentais e non instrumentais do curso correspondente.

**Destinatarios:** Alumnado que promociona a 2º curso coas áreas instrumentais superadas pero con outras materias suspensas, podendo quedar exento da segunda lingua estranxeira.

**Criterios para a organización:** medida prioritaria, sempre que os departamentos implicados non teñan o seu horario lectivo completo e houbera no centro un número de alumno/as superior a 5 que podan beneficiarse desta medida.

#### PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

**Regula :** Circular 8/2009

#### **Qué son?**

Programas de reforzo personalizados para o alumnado repetidor, orientados á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final e elaborado polo departamento da área ou materia correspondente con tarefas a realizar semanalmente.

**Destinatarios:** alumnado repetidor na ESO.

**Criterios de organización:** Co obxecto de que o profesorado coñeza as dificultades do alumno que repite ó comezo de curso, cada departamento didáctico elabora unha escala de valoración das dificultades e da adquisición das aprendizaxes nesa área. Pasada a sesión de avaliación extraordinaria, o departamento fará entrega dela ó titor/a para anexar ao informe de avaliación final.

- Cando se decide que un alumno seguirá un PEP? Após á celebración da sesión de avaliación extraordinaria.
- Cando se elabora o PEP? Despois da avaliación inicial, debido a que se terán en conta os resultados desta. Por outra banda, o profesorado que chega novo ao centro, precisa un tempo para coñecer ó alumnado.

- En qué áreas se elabora? Naquelas que figuran como suspensas e nas que o alumno presente dificultades.

Comunicarase ás familias por parte do titor/a ó inicio de curso, estableceranse compromisos concretos e deberase facer un seguimento cada certo tempo.

A planificación do traballo será trimestral con tarefas a realizar cada semana. Axustarse ós puntos a seguir nunha medida ordinaria de atención á diversidade (priorización de obxectivos e contidos, actividades, metodoloxía, cambios nos instrumentos de avaliación). Esta planificación revisarase por cada departamento logo das sesión de avaliación trimestral.

Non serán obxecto de atención prioritaria nun PEP:

- O alumnado que tendo recibido reforzo educativo non o aproveite.
- O alumnado con graves problemas de conduta e manifestadas de xeito reiterado.
- O alumnado en situación de abandono escolar, sen material, etc.

#### PMAR: PROGRAMAS DE MELLORA DE APRENDIZAXE E RENDEMENTO

Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento é unha medida extraordinaria de atención á diversidade e ten por finalidade facilitar que os alumnos/as alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### CARACTERÍSTICAS:

-Estableceranse programas de un ano (para cursar 3º de ESO) ou de dous anos (para cursar 2º e 3º de ESO).

Utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, organizadas en ámbitos.

-O PMAR concíbese dende un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

-Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos entre 5 e 10 alumnos como máximo.

-Cada grupo de alumnado que integre un PMAR contará cun profesor/a titor/a, que terá entre as súas funcións a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

-o alumnado que sigan un PMAR terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

## ORGANIZACIÓN

O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento incluírá os seguintes ámbitos:

a) Ámbito lingüístico e social, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia.

b) Ámbito científico e matemático, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química.

c) Ámbito de linguas estranxeiras, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira.

## HORARIO

O horario semanal dos tres ámbitos de coñecemento que compoñen o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será dun total de 20 horas semanais, distribuídas como sigue:

a) Ámbito lingüístico e social: 9 horas.

b) Ámbito científico e matemático: 8 horas.

c) Ámbito de linguas estranxeiras: 3 horas.

#### REQUISITOS DE INCORPORACIÓN

-Presentar dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo.

-Ter repetido cando menos un curso en calquera etapa (Infantil, Primaria ou Secundaria).

-Ter cursado 1º curso de ESO non estar en condicións de promocionar ao 2º curso (neste caso o alumno incorporárase a un programa de 2 anos)

-Ter cursado 2º curso de ESO e non estar en condicións de promocionar ao 3º curso (neste caso o alumno incorporárase a un programa dun ano).

-Aqueles alumnos que, cursando 3º ESO, non estean en condicións de promocionar ao 4º curso, poderán incorporarse excepcionalmente a un Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir 3º curso.

A lexislación en Galicia especifica exactamente os seguintes requisitos de acceso aos PMAR artigo 11 da resolución do 15 de xullo de 2016:

Poderán incorporarse aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento as alumnas e os alumnos nos que concorran as circunstancias recollidas na letra a) e se atopen nalgunha das situación recollidas na letra b).

a) Circunstancias.

Ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das



dificultades de aprendizaxe detectadas, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

b) Situacións.

– Alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.

– Alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

– Alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

– Con carácter excepcional, alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

#### **PROCEDIMENTO DE INCORPORACIÓN DO ALUMNO AO PMAR.**

1º Proposta do equipo docente: Realizada a avaliación extraordinaria (setembro), o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa.

2º Informe do titor/a: Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado polo titor/a, en que constará a competencia curricular do alumno/a en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á

diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a se integre nun PMAR. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.

3º Informe de Orientación e reunión cos pais: A xefatura do Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao PMAR. No informe debe constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou tutores/as legais de cada alumno/a para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un PMAR. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou tutores/as legais respecto da proposta formulada.

4ª Proposta definitiva da comisión de PMAR: Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno/a valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as tutores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao PMAR.

5º Informe do director/a á Inspección Educativa: O director/a do centro docente elevará a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao PMAR ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.

6º Autorización de Inspección Educativa: O servizo provincial da Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos PMAR que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.

#### **AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NO PMAR:**

A avaliación do alumnado nos ámbitos terá como referente fundamental as competencias, os obxectivos e os estándares avaliábeis da educación secundaria

obligatoria. O alumnado será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado tutor.

As cualificacións dos ámbitos realizarase nos mesmos termos que as materias. Na ESO os alumnos promocionarán de curso cando superasen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo, que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas. Iso significa que o alumnado de PMAR non poderá ter avaliación negativa en ningún dos dous ámbitos (Lingüístico e Social ou Científico e matemático).

O alumnado que acceda a un PMAR con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

O alumnado poderá repetir 3º de PMAR se o equipo docente considera que esta é a mellor medida para cursar 4º e obter o título de ESO.

#### **INCORPORACIÓN A 4º DE ESO:**

O alumnado de PMAR, incorporárase a 4º curso ordinario, e poderá escoller cursar o 4º curso da ESO por unha das dúas seguintes opcións:

- a) Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao Bacharelato.
- b) Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á Formación Profesional.

#### **LEXISLACIÓN QUE REGULA OS PMAR EN GALICIA:**

-RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de

xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

**Regula :** Circular 8/2009 , Lei 4/2011, art. 19.3, Decreto 8/2015, art.25

**Qué son?** É un espacio para atender ó alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do progresorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

Este espacio ten un carácter non estable e con vocación de substituir o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

**Destinatarios:** alumnado da ESO con problemas puntuais ou estables de conduta.

**Procedemento completo:** ver plan de convivencia

**Criterio de organización:** según se aprobe no plan de convivencia do centro

#### PROPOSTA DE INCORPORACIÓN A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Regula: *ORDE do 13 de xullo de 2015*

**Que é?** ten como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridad obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación a mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa.

Diríxense ao alumnado maior de quince anos, cumpridos antes do 31 de decembro do ano de inicio do programa, para os cales se considere que é a mellor opción para alcanzaros obxectivos da etapa de educación secundaria obrigatoria e co fin de que alcancen competencias profesionais de nivel 1, así como a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria e a ampliación das súas competencias básicas para proseguiren estudos nasdiferentes ensinanzas.

**REQUISITOS:** Cumprir simultáneamente os seguintes requisitos:

- a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
- d) Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

**PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN:** Para realizar a proposta de incorporación dun alumno ou dunha alumna a un ciclo formativo de formación profesional básica seguirase o procedemento seguinte:

1º Reunión do equipo docente para decidir a proposta de alumnado susceptible de cursar unha FP Básica. Celebrarase na última sesión de avaliación e a proposta será asinada por todo o equipo docente e o orientador/a.

2º Elaboración por duplicado do Consello Orientador por parte do titor conforme ao anexo II, asinado polo titor/a, o orientador/a e o Director/a.

3º Comunicación por parte do Director/a aos pais da proposta, entregaralles un exemplar do consello orientador e o anexo III (Consentimento dos pais de incorporación do alumno, que figura na orde).

4º No caso de que o pai, a nai ou os/as titores/as legais do alumno ou da alumna den o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles por duplicado o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica. Un dos exemplares deberá ser entregado no centro onde o alumno ou a alumna soliciten a súa admisión. Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluíranse no expediente académico.

## 5. DESCRIPCIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS

### ACCÍONS A REALIZAR NO 1º TRIMESTRE

1. Definición dos criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios. No primeiro claustro anual, acordaranse os criterios pedagóxicos para a organización dos horarios.

Responsable: claustro de profesores

2. Organización das medidas organizativas de atención á diversidade previstas para o curso escolar na Programación Xeral Anual.

Responsable: equipo directivo

3. Redacción das programacións tendo en conta as características do alumnado con NEAE.

Responsable: xefe/a dos departamentos didácticos

4. Organización dos grupo-clase que garanta a heteroxeneidade, distribuíndo ó alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Responsable: xefatura de estudos, co asesoramento de orientación, coa participación dos titores e titoras do curso pasado (se estiveran no centro)

5. Preparar e desenvolver a avaliación inicial

- Desenvolvemento do proceso de avaliación. Artigo 4 da Orde do 21 de decembro de 2007(\*)

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

O departamento de orientación, en colaboración co profesorado titor, coordinarán a análise da información do alumnado:

- No caso do alumnado de novo ingreso : analizarase o Informe de Avaliación Individualizado do curso anterior así como as recomendacións sobre atención á diversidade alí recollidas. Tamén será de sumo interese as informacións que das reunións establecidas no mes de xuño entre os titores de 6º de Primaria e departamento de orientación do IES, así como calquera información complementaria dos centros de procedencia e dos servizos sociais.
- No caso do alumnado escolarizado en cursos anteriores no centro: analizarase o Informe de Avaliación Individualizado cuberto polo titor do curso anterior, a opinión do mesmo no caso de continuar no centro; así como os informes de orientación e PT , que puidera haber.

Responsables: xunta de avaliación, coordinada pola persoa titora.

6. Poñer en marcha as decisións de reforzo e apoio que se decidiran, a saber: reorganización dos grupos ou do alumnado na aula, reforzo educativo, adaptacións curriculares, avaliación psicopedagóxica, intervención dos servizos sociais, plans de modificación de conduta, entrevistas familiares, etc. Estas decisións consignarase nas actas de avaliación inicial. Potenciarase a presenza do PT na aula ordinaria.

Responsables: segundo a decisión ou medida

7. Seguir as tarefas de recuperación de pendentos:
- Os departamentos entregarán ás persoas titoras o calendario de entrega de traballos de recuperación
  - As persoas titoras informarán as familias
  - Os departamentos informarán á persoa titora do alumnado que non está a entregar as tarefas de recuperación, co obxecto de devolver esta información ás familiar.
8. Traballar a axenda escolar co alumnado para mellorar a coordinación coas familias e facilitar a organización do alumnado no traballo diario

Responsables: Titores/as dos cursos

9. Reunión inicial coas familias, prestando especial atención ás de novo ingreso no centro.

Responsable: xefatura de estudos, persoas titoras e D.O.

10. Reunión cos servizos sociais, de cara a realizar o seguimento do alumnado en risco de abandono escolar, participando activamente na redacción dos protocolos de absentismo e colaborando no seguimento do alumnado e apoio ás familias.

Responsables: xefa/e do D.O e xefe/a de estudos

11. Celebración das reunións de titores e titoras, co xefe/a do departamento de orientación, co fin de facer o seguimento do alumnado con dificultades.

Responsable: xefatura de estudos.

12. Reunirse coas familias que proceda, co fin de asesoralas e compartir obxectivos comúns.

Responsable: persoas titoras

13. Celebración unha vez ó mes dunha reunión para a coordinación entre o distinto profesorado que imparte programas de atención á diversidade (PT, Contrato-Programa, e programas de reforzo(exención)) e o profesorado das áreas instrumentais.

Responsable: departamento de orientación. Convocadas pola xefatura de estudos.

14. Posta en marcha do servizo de alumnado axudante e mediador, e daquelas medidas previstas do plan de convivencia co fin evitar a discriminación do alumnado con discapacidade.

Responsable: dinamizadora da convivencia

15. Fomento da creación de grupos de traballo orientados a traballos por proxectos, competencias básicas, metodoloxía míxta e cooperativa ou calquera temática que redunde na mellora da ensinanza ó alumnado con NEAE.

Responsable: equipo directivo e Orientación.



16. Preparación da xunta de avaliación trimestral, acordando un xeito común eficiente para expoñer os resultados do grupo e para tomar decisións de mellora, prestando especial atención ó alumnado novo ou a aqueles grupos de maior complexidade.

Responsable: persoas titoras

17. Redactar e enviar ás familias o informe cualitativo dos programas de reforzo e recuperación así como o informe de PT para xuntar ó boletín de cualificacións.

Responsable: profesorado de reforzo

#### ACCIONES A REALIZAR NO 2º TRIMESTRE

1. Seguimento das medidas iniciadas no primeiro trimestre que deban ter continuidade neste trimestre.
2. Posta en práctica das medidas acordadas na xunta de avaliación
3. Celebración da CCP/ Claustro para o estudo xeral dos resultados académicos da primeira avaliación co obxecto de:
  - Valorar comparativamente os resultados académicos da primeira avaliación.
  - Usar os datos estatísticos para a mellora curricular ou organizativa.

Responsables: director do centro

4. Convocar ó consello escolar para o estudo xeral dos resultados académicos da primeira avaliación.

Responsables: director do centro

5. Levar a cabo as medidas de tránsito de primaria a secundaria, entre outras: Charla ó alumnado e as familias que se incorporan

#### ACCIONES A REALIZAR NO 3º TRIMESTRE:

1. Seguimento das medidas iniciadas no primeiro e no segundo trimestre que deban ter continuidade neste trimestre.
2. Convocar á CCP/ Claustro/Consello escolar para o estudo o estudo xeral dos resultados académicos da segunda avaliación.

Responsables: director do centro

3. Convocar ó consello escolar para o estudo xeral dos resultados académicos da primeira avaliación.
4. Avaliar as medidas de atención á diversidade do centro e establecer plans de mellora.
5. Levar a cabo as medidas de Transito de primaria a secundaria. Entre outras: Visita ó centro de secundaria.
6. Redactar a memoria xeral anual do centro, na que consten as medidas de mellora para o curso próximo destinadas á atención á diversidade.

## ACCIONES ESPECÍFICAS

### *Específico do Departamento de Orientación:*

#### ❖ **No primeiro trimestre:**

- Facilitar fichas para a recollida de información do alumno.
- Asesorar aos profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc.
- Colaborar estreitamente cos departamentos didácticos que o desexen, en especial cos departamentos de lingua e matemáticas, no deseño de programacións didácticas que recollan as competencias clave.
- Revisar e actualizar os recursos didácticos do departamento, en especial os materiais de apoio na aula. Facilitar materiais aos departamentos para a atención ao alumnado con NEAE.
- Asesorar metodoloxicamente ao profesorado que imparten medidas de atención á diversidade.
- Reunión coas familias de alumnos con NEAE cos PT e Orientador para informar da evolución do alumnado en apoio.
- Reunirse cos orientadores/PT e equipos directivos dos centros adscritos para revisar a transición da primaria á secundaria.
- Priorizar, dentro do plan de acción tutorial, as TIC e a organización do estudio.

- Asesorar e axudar ao profesorado que imparte a Exención da 2º lingua estranxeira en 1º e 2º.

❖ **No segundo trimestre:**

- Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da primeira avaliación.
- Redactar a estratexia do plan de transición de primaria á secundaria.
- Continuar co seguimento das medidas organizativas de atención á diversidade. Colaborar cos titores/as na revisión das ACS.
- Asesorar aos profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc.
- Presentar á CCP as melloras sobre a transición de primaria á secundaria.
- Preparar á xunta de avaliación.

❖ **No terceiro trimestre:**

- Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da segunda avaliación.
- Entregar a documentación correspondente ás medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que se pretendan poñer en marcha o próximo curso, explicándoa e participando na redacción destes documentos.
- Participar activamente na selección dos alumnos que van incorporarse a diversificación.
- Asesoramento individual a alumnos e familias en grave risco de abandono escolar.
- Intensificar á orientación vocacional adaptada ó alumnado con NEAE
- Introducir as melloras con respecto a transición da primaria á secundaria no Proxecto Educativo de Centro.

*Específico dos departamentos didácticos:*

Constan nas programacións didácticas de cada departamento, asumindo como medidas comúns o reforzo educativo, os programas específicos personalizados, os programas de

recuperación das materias pendentes e as adaptacións curriculares. Establécense, tamén, os contidos mínimos e os criterios de avaliación necesarios para a atención ó alumnado con NEAE.

## 7.MECANISMOS DE COORDINACIÓN

Enténdense como mecanismos de coordinación os seguintes:

- Reunión semanal de titores e titoras co departamento de orientación, coordinadas pola xefatura de estudos.
- Reunión semanal da aula de convivencia
- Reunión mensual dos departamentos didácticos: seguimento da programación didáctica co fin de adaptala ás características do alumnado.
- Xunta de avaliación inicial (preavaliación), e xuntas de avaliación trimestrais
- Reunión trimestral co orientador de primaria
- Reunión mensual entre o especialista de PT, o profesorado que imparte os programas de reforzo(exención), o profesor das áreas instrumentais e o profesor que imparte as clases de reforzo en horario extraescolar.
- Reunión trimestral e sempre que se precise cos Servizos sociais
- Reunión unha vez ó mes das reunións de coordinación entre o profesorado de PT, Contrato-Programa (de existir), áreas instrumentais e programas de reforzo(exención).
- Reunión inicial e final coas familias obxecto de reforzo en horario extraescolar (Contrato-Programa, de exisitir).

## 8. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERN AOS CENTRO.

Enténdense como canles de comunicación os seguintes:

- Carta de benvida ás familias
- Envío diario de SMS e sempre que se necesite.

- Convocatoria de inicio de curso ás familias e despois da segunda avaliación.
- Información das medidas curriculares (reforzo, programas de reforzo e de recuperación, adaptación curricular) e consentimento nas medidas extraordinarias.
- Comunicación das materias pendentes e das actividades de recuperación
- Escola de nais e pais sobre temas específicos relacionados coa organización do estudio e as TIC.

## 9.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E /OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Incluír modelos do centro